



A Xunta de Melide vista cincocentos anos despois

Pegerto Saavedra

Universidade de Santiago de Compostela

DOI: 10.17075/vmrxm.2021.001

◆ 1. A situación política de Galicia nos anos previos á Xunta de Melide

Para entender de modo competente o acontecido na vila de Melide o 4 de decembro de 1520, cando os caporais das máis importantes casas nobres e algúns prelados e membros de cabidos catedralicios, de modo persoal ou mandando apoderados, se axuntaron para tomar diversos acordos, facéndose pasar por representantes do reino, hai que reparar na situación creada pola guerra das Comunidades e tamén no que viña pasando en Galicia desde a morte da raíña Isabel, en 1504.

En efecto, se o poder real se afirmara con claridade en Galicia desde 1480, coa chegada do gobernador Fernando de Acuña, provisto de facultades extraordinarias e acompañado dunha forza militar, uns medios que lle permitiron someter politicamente a nobreza e cobrar con regularidade as cargas fiscais que antes os monarcas eran incapaces de percibir, desde 1504, debido á inestabilidade política orixinada pola desaparición da raíña, as cousas cambiaron, e en certo xeito houbo unha volta á situación anterior ao reinado de Isabel e Fernando. A herdeira da coroa, Xoana, non parece que estivese en condicións mentais de facerse cargo das súas responsabilidades, e foi vítima das ambicións do seu home, o rei consorte Filipe, do seu pai, Fernando de Aragón, e logo do seu propio fillo Carlos.

Os xefes dalgunhas importantes casas nobres estaban descontentos polas medidas que reduciran a súa capacidade de usar os exércitos privados para o que considerasen de proveito, xa fose para combater entre eles, para atacar a señores eclesiásticos ou para facer razzias por aldeas e vilas. O segundo conde hereditario de Lemos, don Rodrigo Osorio, quedara ademais moi agraviado coa división do patrimonio condal que unha comisión formada por pares decidiu con ocasión do preito sucesorio orixinado tras a morte de don Pedro Álvarez de Cabreira, avó de don Rodrigo, a quen quería por herdeiro de todos os bens. A segunda muller e as fillas de don Pedro non admitiron que o neto deste, que nacera de solteira, as deixase case sen nada e o resultado do conflito familiar foi o repartimento do patrimonio dos Lemos, de xeito que o situado no Bierzo, Cabrera e Ribera correspondeu a unha das fillas de don Pedro, casada cun membro da casa de Benavente, axiña convertidos marido e muller en marqueses de Vilafranca, e o de Galicia, incluído o título condal, quedoulle a don Rodrigo, que sempre considerou que detrás desta resolución salomónica estaba a man do rei Fernando, que quixo, por así dicilo, partirlle o espiñazo á poderosa casa de

Lemos, dona dun señorío ás portas e dentro de Galicia do que formaban parte poboacións de gran valor estratéxico, como é o caso de Ponferrada. Esta vila foi mercada polos monarcas aos marqueses de Vilafranca, e don Rodrigo tentou recuperala pola forza en 1486 e 1506. Por se a mingua do patrimonio condal non abundase, Isabel e Fernando obrigaron a don Rodrigo a casar a súa única filla, a fermosa dona Beatriz, con Dinís de Portugal, da estirpe dos Braganza (García Oro 1981; Pardo de Guevara 2000).

O caso é que para o segundo conde de Lemos, Fernando o Católico, unha vez que quedara viúvo, era simplemente «o rei de Aragón», e na loita que este sostivo co seu xenro Filipe sobre quen debía facerse cargo da gobernación de Castela en nome de Xoana, don Rodrigo púxose de parte do flamengo, cousa que tamén fixeron outros nobres, como don Fernando de Andrade, conde de Vilalba. Cando o 26 de abril de 1506 chegan á Coruña os novos monarcas Xoana e Filipe, alí estaban agardando por eles os condes de Lemos e de Vilalba, o marqués de Astorga e o conde de Benavente, entre outros grandes pouco amigos de Fernando o Católico (varios máis sumaranse á comitiva durante o seu percorrido por Galicia), e anos despois, en 1520, don Rodrigo lembráralle a Carlos V que se os seus pais desembarcaran no porto coruñés e atravesaran Galicia sen problemas fora grazas a que el viña sendo o amo do reino:

Yo fui una de las principales partes para que su alteza viniese a España. La razón dello es porque el rey don Fernando, con achaque de hacer gran recibimiento al rey don Felipe, tenía proveído en todos los puertos de Asturias e de Vizcaya e de Andalucía, con los caballeros comarcanos, que, en llegando su alteza a cualquier puerto, se juntasen con él para traello de mano del dicho rey don Fernando. A cuya cabsa había sospecha e temores de harto peligro e aventura. E el dicho serenísimo rey don Felipe, siendo de esto avisado, procuró de traerme, enviándome decir que, si le fuere cierto servidor, que determinaba de venir a desembocar en Galicia, e aun a algún puerto mío, si no hobiese otra parte segura. De manera que yo me ofrecí por su servidor e le quedé de dalle pacífico todo el Reino de Galicia. (García Oro 1981: 339)

O conde de Lemos quere, sen dúbida, darse a valer diante do emperador mozo, declarando que se Filipe e Xoana escolleran un porto galego para evitar o control dos homes de Fernando o Católico fora grazas ao seu poder e influencia no reino de Galicia. Con todo, a visita dos reis non foi moi tranquila, principalmente porque Filipe obraba como titular da coroa, sen ter en conta a súa muller, e

tamén porque non era doado acomodar un séquito dunhas 600 persoas, propio da Corte borgoñoa, ao que se engadía un exército de 2000 soldados alemáns (que quedaron nos barcos), aos que se foron sumando outros recrutados polos grandes. Na Coruña os monarcas estiveron algo máis dun mes, hóspedes do convento de San Domingos, e, xa cando chegaron á cidade, os membros do concello, axeonllados, recoñecérenos como príncipes e señores e presentáronlles por escrito o xuramento dos antigos reis de Galicia, para que o pronunciasen, cousa que Xoana rexeitou de mala maneira («la reina no hizo estimación dellos [dos rexedores] ni de su demanda»), aínda que Filipe si aceptou xurar os privilexios da cidade diante do conde de Vilalba. En Santiago permaneceron desde o 28 de maio ao 2 de xuño, tempo dabondo para visitar a catedral, onde os recibiu o deán, don Diego de Muros, en ausencia do seu cordial inimigo o arcebispo don Alonso de Fonseca II. Foi o rei consorte o que entrou baixo palio, para desgusto da raíña, que se achegou ao templo «con gran fatiga», sen dúbida polas incomodidades da viaxe e porque as circunstancias persoais (primeiro a súa nai e logo o seu esposo tivéranla pechada) lle quebraran a saúde. Filipe xurou tamén gardar os privilexios da cidade. Saíron de Compostela camiño de Ourense, para tomar logo a verea de Puebla de Sanabria e continuar a Villafáfila, onde por fin se atoparon con Fernando o Católico, quen, falto de apoio dos grandes, tivo que marchar de Castela (Cerro Bex 1973: 61-80; Szaszdi 2000: 309-343; Barriocanal López 2007: 77-137 e 147-160).

O conde don Rodrigo confiaba en manter o poder e influencia que recuperara en Galicia tras a morte da raíña Isabel pois, no enfrontamento entre Fernando e Filipe por gobernar Castela no nome de Xoana, el, segundo queda dito, madrugou para arrimarse a Filipe. En principio, o de Lemos acertou na escolla, e o rei consorte prometeulle que ía recuperar o patrimonio amputado vinte anos antes, pero a morte súbita do esposo de Xoana, en setembro de 1506, impediu que a promesa se levase a cabo, de modo que don Rodrigo pensou que o mellor era a política de feitos consumados, e en maio de 1507, «con mucha gente de pie e de a caballo, armado de diversas armas e con mucha artillería», plantouse diante dos muros de Ponferrada, despois de acordar o apoio de don Fernando de Andrade e do marqués de Astorga, parente seu (ambos pertencían á estirpe dos Osorio de León). O cardeal Cisneros, rexente en Castela despois da morte de Filipe e da marcha de Fernando para os territorios da coroa de Aragón, non estaba disposto a que a monarquía perdese a vila de Ponferrada, e logrou que nobres e cidades achegasen tropas para darlle o alto a don Rodrigo, a quen a raíña, que asinaba o que decidía Cisneros, acusaba, xunto cos

seus confederados, de comportamento ingrato e alborotador: «asonándovos e dándovos los unos a los otros [...] favor e ayuda, vos habéis levantado e fecho grand escándalo e bolliçio en estos mis reinos, e en aquella parte que se dice el Bierço, e çercastes e tomastes e combatistes por fuerça e con escalas la mi villa e fortaleza de Ponferrada» (García Oro e Portela Silva 2006: 121). O conde de Lemos, aconsellado polos seus pares, tivo un trasacordo, de modo que non foi castigado pola súa destemida aventura.

De calquera xeito, desde 1504 don Rodrigo Osorio e don Fernando de Andrade son os que controlan Galicia, con apoios puntuais do marqués de Astorga e, desde 1509, do arcebispo don Alonso de Fonseca III. Outras casas nobres pasaban por dificultades a principios do século XVI, debido a enfrontamentos internos nas estirpes de Monterrei, Ribadavia e Soutomaior, e á menoridade na de Altamira, gobernada desde 1504 a 1510 polo segundo conde, don Rodrigo Osorio de Moscoso, home culto e parece que con vocación de cruzado, como afirma Vasco de Aponte: «Estando este conde en su casa próspero y gran señor, como é deseaba de multiplicar mucho y servir a Dios y al rey, fuese para Castilla a ver a una beata que la tenían por santa. Mas el dióle crédito a todo su consejo. Y viniendo a Galicia tomó doce compañeros y metiose en una nao, con intención de hacer guerra a los moros». Un temporal trouxo de novo o barco á orela, pero logo don Rodrigo participou nas campañas de Orán e Bujía, onde morreu en 1510 polo disparo casual dunha bésta dun dos seus criados: «Falleçiose este conde desta saetada, y trajéronlo metido dentro de unha ucha en una nao a Galicia y enterráronlo en Santo Domingo de Santiago», segundo tiñan por costume os Moscoso.

O atrevemento dos condes de Lemos e Vilalba era grande. En xaneiro e febreiro de 1507 asinaron acordos, que notificaron ás cidades, vilas e xurisdicións, para manter a paz no reino de Galicia; ameaza, na súa opinión, «a cabsa de la reina doña Juana, nuestra señora, que por la tristeza e congoxa que tiene por el falleçimiento del rey nuestro señor, que en gloria sea, no ha querido ni quiere entender ni gobernar ni dar poder a quien entienda y gobierne estos reinos». Aos nobres correspondíalles entón garantir a orde social, axudar a facer xustiza e evitar abusos, como os repartimentos de trabucos non autorizados pola raíña:

Y por cuanto somos informados que los procuradores de cortes han otorgado ciertos empréstidos e pedidos en estos reinos, los cuales creemos algunas personas se podrán hacer dellos repartimiento, sin ser ciertos que esto proçede de la reina nuestra señora, si vierdes que lo tal no os viene bien, hasta saber si Su

Alteza lo manda y conste por su firma verdadera, nosotros los dichos condes vos favoreceremos [y] no daremos lugar a que el tal empréstido o pedido sea echado ni repartido en este dicho reino de Galicia. (García Oro 1994: 278-279)

Don Rodrigo Osorio e don Fernando de Andrade non contan para nada coas autoridades reais, o gobernador e a Audiencia, que en ocasións semellan impotentes debido á inestabilidade orixinada polos problemas existentes no propio centro do sistema político, é dicir, na mesma monarquía. Así, no outono de 1506 uns besteiros de Andrade deron morte a uns oficiais que trataban de cobrar as alcabalas, e cando a Audiencia mandou un alguacil e unha ducia de homes para secuestrar bens dos procesados, o alcaide do castelo de Vilalba non llelo permitiu, valéndose de xente armada:

E el dicho alcaide le resistió dicha execución, disiendo por muchas veces que non consentirían hacer ni llevar el dicho pan, porque el dicho conde don Fernando ge lo había así mandado; e que aunque veniesen cuantos duques e condes hobiese non lo llevarían, e que se debían volver porque él hacía lo que su señor le mandaba también como ellos hacían lo que les mandaba el suyo.

Até as cidades de Betanzos e A Coruña buscaron en 1507 a protección do conde de Vilalba para defenderse dun posible ataque do de Benavente, quen, segundo as autoridades municipais,

quiere venir a este reino de Galicia con mucha gente de caballo e de a pie, del cual nos tememos e reçelamos querrá tomar, usurpar e ocupar estas dichas çibdades [...], e tenemos más confianza del conde don Fernando de Andrade que de otro conde ni caballero del reino de Galizia, que nos ayude e favorezca para nuestra conservación, según que lo habemos visto por la experiencia que lo han fecho sus antepasados. Por ende pedimos a su señoría que presente está [que] con su persona e casa y parientes y amigos e valedores nos quiera ayudar e favorecer para la dicha conservación, e que non dé lugar a nin consienta que seamos enajenados de la corona real en persona alguna. Pare ello desde agora le tomamos por valedor e defensor destas dichas çibdades. (García Oro 1978: 278-281)

Se dona Xoana non reinaba e o seu pai, que oficiaba de rexente do reino, ía vello, o futuro político estaba en Flandres, a carón do príncipe Carlos de Gante. Para desgusto de Fernando o Católico, o conde de Lemos mantiña correspon-

dencia con persoas da corte de Bruxelas, para ir gañando posición: «Vos habéis tenido y tenéis tracto en mi deservicio fuera destes dichos mis reinos», díciálle o rexente en 1508. Como escribe o profesor José García Oro:

El conde de Lemos vio claramente que mirar hacia Flandes era mirar hacia el futuro y que ni el mismo Rey Católico le podía a la larga disuadir de esta lealtad. Sus colegas de aflicciones, entre los que estaba don Fernando de Andrade, le confortaban por este camino. Fue así como en 1511 quiso D. Rodrigo reiterar de manera solemne y pública su fe política: «a 27 de abril, estando en Monforte de Lemos, hiço un acto solemne de escritura pública, sin pedírsele el rey ni otra persona real, y fue jurar al príncipe Carlos por rey de Castilla, con grande admiración de los de Galicia y mucha mayor ponderación del Rey Católico y grandes de Castilla». (García Oro 1981: 345)

En diversas ocasións, o de Lemos non deixará de queixarse de «las muchas extorsiones, injurias e agravios del rey de Aragón», que lle impediou recuperar Ponferrada e Vilafranca, motivo polo que «nunca me quise obligar a su servicio ni venir a su Corte».

◆ 2. As cortes de 1520, a guerra das Comunidades e a Xunta de Melide

Fernando o Católico morreu en xaneiro de 1516, e en outubro do ano seguinte chegou a España o seu fillo Carlos, xa como rei, pois así se proclamara en Bruxelas antes de tempo, sen respectar os dereitos da súa nai. Os acontecementos posteriores son ben coñecidos: o novo monarca convoca para 1518 en Valladolid as cortes de Castela, para ser xurado oficialmente como rei e renovar o servizo ordinario e extraordinario; despois comeza a visita aos territorios da coroa de Aragón, pero antes de rematala foi elixido emperador, o que o obrigaba a saír axiña do reino e a pedir novos servizos para pagar o que na realidade era a compra do título imperial, poxado entre os príncipes electores alemáns. Despois de anos de inestabilidade política, as cidades de Castela, daquela moi dinámicas no eido económico e político, non aceptaron que o rei se ausentase de súpeto, que lles pedise novas contribucións e que non contase con elas para a gobernación do reino. Sabedor do descontento, Carlos V convocou cortes en Santiago, para marzo de 1520, unha decisión ben rara, pois o estilo era que as asembleas se realizasen nunha cidade con dereito a voto, e as de Galicia

non o tiñan entón, como sinala Manuel María de Artaza neste mesmo libro. O que quería o rei era afastar aos procuradores das cidades que os nomearan, para poder obrigalos a votar o servizo extraordinario e estar preto dun porto con boas comunicacións con Flandres, neste caso o da Coruña, cidade onde remataron de mala maneira en maio as reunións que principiarian en Compostela case dous meses antes.

En Santiago as cortes realizáronse no convento de San Francisco, namentres o rei —e, polo tanto, a corte— moraba no de San Lourenzo. Desde que tiveron noticia da convocatoria, varias cidades galegas viron a ocasión de solicitar o voto en Cortes, e máis sabendo que Zamora, que nas asembleas falaba por Galicia, figuraba entre as poboacións máis contrarias a conceder novos trabucos. Así, xa no mes de febreiro de 1520 A Coruña e Betanzos mandaron unha carta ao monarca rexeitando que Galicia estivese representada por Zamora: «Nosotros hemos sabido como los procuradores de la çibdad de Çamora, que es en el reino de Castilla, por sí y pretendiendo tener voz y derecho por el reino de Galicia, diz que se han confederado y conformado con los procuradores de la çibdad e reino de Toledo, en çiertas cosas tocantes açerca de la buena partida destes reinos para ir Vuestra Magestad a recibir la corona del Imperio, y diz que son en vuestro deservicio». Pola contra, a vontade dos rexedores e homes bos das cidades galegas non é outra que conformarse coa de «nuestro Rey y Señor Natural, y de emplear nuestras vidas, casas y haciendas en tan alta empresa». Por iso lle piden ao monarca que non dea crédito á cidade de Zamora, e menos cando fale no nome de Galicia, e que lles outorgue unha cédula para poñerlle preito diante do Consello Real, «porque no es cosa justa que una çibdad de otro reino hable ni dé voto por un reino tan antiguo y noble como este de Galizia, en especial en cosas de que Vuestra Magestad no es servido» (García Oro 1994: 315-317).

As peticións de voto continuaron, sen resultado, na Coruña, onde as cortes, moi divididas despois de grandes presións sobre procuradores, foron clausuradas a mediados de maio e o día 20 Carlos V embarcaba para Flandres, cando xa varias cidades do interior se amosaban rebeldes á autoridade real. Unha vez que a revolución das Comunidades se organizou, dirixida primeiro pola Xunta de Ávila e despois pola Santa Xunta, no verán de 1520 algunhas cidades galegas recibiron cartas convidándoas a unirse, pero ningunha o fixo, debido á marxinalidade política do reino de Galicia, á propia estrutura socioeconómica das urbes, daquela moi pequenas e con escasa industria, e principalmente á influencia dos señores eclesiásticos e leigos. Houbo moita oposición ao

pago dos servizos, con atagallidos en Santiago e Mondoñedo. En Compostela, o 10 de agosto os veciños saíron á rúa berrando «Liberdade, liberdade!», ou sexa, liberdade fiscal, e o arcebispo conseguiu calmalos con boas palabras: «Salió a ellos llamándoles señores», e en Mondoñedo as xentes daban voces dicindo que «antes se darían al rey de Francia que pagar el dicho servicio» (Pérez 1977: 381-383).

Conforme en Castela e León, aproveitando o conflito entre as Comunidades e as autoridades reais, aparecían levantamentos antiseñoriais (cousa que as cidades non buscaran), a alta nobreza, antes indecisa, comezou a pórse de parte do monarca, temerosa de que as súas rendas e privilexios corresen perigo (Gutiérrez Nieto 1973), e en Galicia os señores, que lembraban ben a revolta irmandiña, procuraron evitar que eses movementos se espallasen polo reino. Moi clara é, no tocante a isto, a correspondencia entre a cidade de Ourense e o conde de Lemos en setembro de 1520: os rexedores, que foran convidados desde Castela a unirse ás Comunidades, pídenlle consello a don Rodrigo sobre tan importante asunto, unha consulta que pon de manifesto a influencia que lle recoñecen ao de Lemos, que non era señor de Ourense (o señor da cidade era o bispo), e o conde dille, como bo político, que o mellor é manterse na obediencia ao rei, pois o rebumbio do momento antes ou despois terá que rematar:

Señores parientes e amigos: Recibí vuestra carta, y en merçed os tengo todo lo que por ella me decís, en especial el conocimiento que tenéis así del amor que yo os tengo como de lo que mis antecesores siempre hicieron por esa çibdad. E lo mismo haré yo placiendo a Nuestro Señor, cada e quando por vuestra parte fuere requerido con mi casa e persona, siendo menester [...]. Y he mucho placer que estéis en tan buen propósito para lo que toca al servçio de Su Magestad e de la corona real como, señores, estáis. E así os pido por merced lo continuéis, porque por esta vía seréis dignos de galardón y mercedes, porque al cabo las cosas no han de parar en el estado en que están [sino] que han de venir a su verdadero fin, que es la paz, y esta no se puede haber sin obediencia a su rey. (García Oro 1981: 350)

Era o consello dun feudal que levaba case corenta anos á fronte da casa de Lemos e aprendera por experiencia que chegaran os tempos en que o respecto á autoridade real era o mellor medio para garantir a orde social, e máis en Galicia, un territorio onde os señoríos apenas deixaban sitio para algo de reguengo. Don Rodrigo morreu en novembro dese ano, poucas semanas antes da Xunta

de Melide. A súa sucesora no condado de Lemos, dona Beatriz de Castro, de paso que lle noticiaba a Carlos V a morte de seu pai, prometía que seguiría o seu exemplo: a perda fora grande, «por lo mucho que era servidor, así en la obra como en el deseo, especialmente en el tiempo de agora, en el cual procuró tener el reino de Galicia en el servicio de Vuestra Magestad y en mucha paçificación [...]. Pero como yo suçeda en su casa e estado, e con la suçesión e aun sin ella, tengo de usar de la fidelidad, amor e afixión que mi padre e sus antecesores tuvieron a Vuestra Magestad e los suyos e a la real corona destes reinos [pues] estoy en el mismo propósito e deseo que mi padre tovo». Tamén en novembro de 1520 o arcebispo lle escribía ao monarca para dicirlle que en Castela as cousas estaban mal, pero que Galicia quedara libre dos conflitos, e todo grazas ao coidado dos señores: «Este reino, según a Vuestra Magestad escribí, está sosegado e en vuestro servicio, como quiera que no ha sido ni es sin mucho cuidado y fuerça de gente que para ello se tiene».

Como quedou adiantado, os señores, leigos e eclesiásticos, coñecían o perigo que correran os seus antecesores durante a rebelión irmandiña e, ademais, desde 1480, coa confianza que espertaran as autoridades reais, os concellos rurais e urbanos presentaran moitas demandas xudiciais para librarse de cargas arbitrarias e mesmo para incorporarse ao reguengo, como aconteceu coa propia cidade de Santiago e co concello de Burón. Algúns destes preitos estaban en trámite en 1520 e a maiores houbo algún levantamento puntual, por exemplo nos dominios da casa de Andrade. O gobernador do reino, conde de Fuensalida, aclaraba pouco despois da Xunta de Melide que «es cierto que la mayor parte de tener alteración en él [reino de Galicia] ha sido la gana que los vasallos del arçobispo y conde don Fernando de [Andrade] y otros caballeros han tenido de levantarse contra ellos y el muy buen aparejo que hallaban en los vecinos para ayudarlos, y como hay pocos lugares realengos y tienen temor, por lo que han visto en tiempos pasados, que estos señores han de meter la mano en usurpar algo de lo suyo». E, segundo o almirante de Castela, os galegos «comiençan a gustar de no pagar a sus señores ni las rentas reales» (Pérez 1977: 382; Saavedra 2007: 49-69).

Tal é a conxuntura política e social na que se vai realizar a Xunta de Melide. Dalgún xeito lembra pactos asinados polos feudais antes de 1480 para dar apoio uns a outros, só que a situación de 1520 era diferente e favoreceu acordos e reivindicacións máis variadas e algunhas innovadoras. Pero o propósito de garantir a orde social e evitar levantamentos en contra dos señores é o motivo principal da reunión: se as institucións non estaban en condicións de manter

a tranquilidade, é dicir, a obediencia dos vasalos, tiñan que facelo os propios señores, aínda que non todos podían. Así, o mosteiro de Sobrado viu como uns veciños de Betanzos lle asaltaban no verán de 1520 unha viña: «con mala y dañada intención que diz que tenían se armaron de diversas armas, y a repique de campana» saíron da cidade «con grande alboroto y escándalo» e, cando un relixioso lles chamou a atención, tirárono da mula e puxéronlle lanzas e espadas no peito. A comunidade reclamou xustiza diante do rei, porque o gobernador e alcaldes maiores da Audiencia «diz que no quisieron entender en ello a causa de los movimientos que a la sazón había en estos nuestros reinos». Os monxes sabían que había que agardar a que a situación cambiase e avisaron aos rebeldes que «vernía [vendría] tiempo en que hobiese justicia».

A importancia concedida á reunión queda ben á vista no feito de que o propio arcebispo, o principal señor de Galicia con diferenza, asiste persoalmente xunto con don Fernando de Andrade, e seguramente foron ambos os dous os promotores do evento do 4 de decembro; morto unhas semanas antes don Rodrigo Osorio, a condesa de Lemos dona Beatriz mandou un apoderado; o mesmo que o marqués de Astorga, o conde de Benvente e o de Altamira, daquela un menor baixo a tutela do bispo de Astorga, seu tío, Tamén estivo presente o deán de Mondoñedo, representando ao cabido e á mitra, en sé vacante, mentres o bispo de Lugo deu poder ao doutor Gabriel Botello. A relación inclúe 16 nobres sen título, pero poderosos nas comarcas onde tiñan os soares: o mariscal Álvaro González de Ribadeneira, Pedro Bermudez de Castro, señor de Montaos, Lope Taboada, García Sarmiento, señor de Salvaterra e Sobroso, Vasco de Seixas, Alonso López de Lemos, Soeiro Gómez de Soutomaior, Ares Pardo das Mariñas, Diego Sánchez de Ribadeneira, Álvaro Doca, señor de Celme, Álvaro Suárez de Deza... Salvo don Pedro Enríquez, todos se achegaron a Melide. Na xunta participan, polo tanto, de xeito directo ou por interposta persoa, dúas ducias de señores, con vasalos e foreiros aos que é preciso vixiar. Dos titulados faltan os condes de Monterrei, Ribadavia e Soutomaior. O primeiro título estaba entón en disputa entre don Alonso de Acevedo (sobriño do arcebispo Fonseca e terceiro conde desde 1526) e a súa nai, casada precisamente de segundas con don Fernando de Andrade, namentres o de Soutomaior non había moitos anos que ordenara matar a súa nai, e andou un tempo fuxido da xustiza.

Os acordos tomados polos participantes na Xunta de Melide foron publicados no tomo I, número 14, da revista *Galicia Diplomática*, correspondente ao 8 de outubro de 1882, pp. 97-100, a partir dun manuscrito que estaba en poder de don Pablo Pérez Ballesteros, amigo persoal do fundador da revista, o benemérito



Bernardo Barreiro de Vázquez Varela. O documento orixinal atópase na sección de Patronato Real do Arquivo de Simancas (mazo 4-1) e editouno José García Oro na biografía que elaborou sobre don Fernando de Andrade (1994: 325-328). As capitulacións, que no seu día foron comentadas atinadamente por Salustiano Portela Pazos (1957), conteñen 14 puntos, que en realidade poden reducirse a 12, pois o primeiro é unha exposición dos motivos da reunión e o último é o compromiso de cumprir os anteriores. Parece que algúns agravios xa lle foran presentados por escrito ao monarca durante a súa estadía na Coruña e que non tiveran resposta nin remedio. De calquera xeito, non todos os capítulos de decembro de 1520 teñen a mesma entidade: os fundamentais están orientados a evitar que o movemento comuneiro entre en Galicia e a dar axuda mutua no caso que aparezan levantamentos de vasallos, uns propósitos que aparecen disfrazados de fidelidade ao rei e á raíña, en boa medida porque nese momento a nobreza estaba xa claramente de parte do poder real como garante da orde social. Primeiramente explican con claridade cal é o motivo da reunión:

por cuanto entre las Comunidades e pueblos de Castilla, de cinco o seis meses a esta parte y algún tiempo más, ha habido y hay algunos movimientos, alborotos y escándalos en deservicio de la Reina e Rey Nuestros Señores e gran daño e perjuicio de los mismos pueblos, lo cual si desçendiese a este reino de Galizia, lo que Dios no quiera, segund la disposición del y de la gente del, se podrían recresçer e recreçería muchos escándalos, muertes, pérdidas, robos y otros muchos daños e inconvenientes al dicho reino e sus moradores [...] e sus Altezas, y atento a que hasta aquí había estado y estaba en toda paz, quietud y sosiego en servicio de sus Altezas, para que esto se conserve e lleve adelante, y otrosí, para conservación de sus estados, casas y haciendas, acordaron e asentaron...

A continuación prometen impedir rebelións contra a monarquía, que era o mesmo que a unión ás Comunidades, coas que había que evitar os contactos e non obedecer aos representantes, ignorando as súas disposicións:

Que si por las Comunidades de Castilla o sus procuradores fuere enviado gobernador e justiça nuevas, o otras provisiones de cualquier manera e sobre cualquier cabo que sea a este reino o a cualquier çibdad o lugar del, que no sean obedesçido nin obedesçidas nin complidas dichas provisiones, ni las consentirán obedesçer nin cumplir [...], por manera que no se cumplan ni obedescan

sino aquilo que por sus Altezas o su gobernador o gobernadores de los reinos de Castilla fuese mandado.

As precaucións —e medo— dos señores fronte a posibles rebelións dos vasallos queda ben de manifesto no capítulo V (ou IV), que aclara o sentido dos anteriores:

E para que lo contenido en los capítulos antes deste haya mayor efeto e se pueda mejor complir, cada uno de los dichos señores e caballeros susodichos tenga cuidado de haser e mandar haser mucha justiçia en sus tierras, e no consentir que haya en ellas robos, muertes, daños ni otro insulto alguno. E que si alguno de sus vasallos se levantaren por si e con ayuda e favor de alguna persona, o se rebelare contra su señor y contra la obediencia, sujeción o vasalaje que les deben y a que son obligados, so color de comunidad o por otra vía, o se alborotaren, porque desto se podería seguir mucho deservicio a sus Altezas e daño a los dichos señores, aquellos e cada uno dellos, siendo requeridos por el señor de los que así se rebelaren, o por su parte, vayan con sus personas, casas e criados, o con la ayuda e gente quel caso requiera, a lo allanar e castigar, e se den para ello todo el consejo, favor e ayuda que fuere necesario hasta los reducir y traer a servicio de su señor, e castigar a los favorecedores de los tales rebelados, y que cada uno hará la dicha ayuda a su costa y gasto.

A cuestión do voto en Cortes aparece nos capítulos VII e VIII. O feito de que a cidade de Zamora se unise ás Comunidades, participando na Xunta de Tordesillas («donde nacieron los alborotos e bullicios» que motivan a reunión de Melide), obriga aos señores e cabaleiros galegos a declarar que Galicia non pode sentirse representada pola mencionada cidade, nin debe pagar os servizos que ela vote: «acordaban e suplican e suplicaron a sus Altesas, e a su gobernador e gobernadores de Castilla en su nombre, les haga merced de aquí adelante este dicho reino tenga voto en las Cortes y fuera dellas, en todas aquellas cosas que las ciudades del dicho reino de Castilla tienen en las dichas Cortes y cosas». Negan que Zamora teña calquera poder do reino de Galicia para falar no seu nome, e por se fose preciso, agora novamente «revocan y dan por ninguno cualquier poder o poderes que el dicho reino a la dicha çibdad habrá dado, e todo lo que por virtud dellas hobieren hecho e hizieren de aquí adelante, protestando la nulidad dello, como ya la tienen protestada en las Cortes de la dicha çibdad de la Coruña».

Como sinalou Manuel María de Artaza, Galicia deixara de participar nas Cortes de Castela en circunstancias confusas e acabou por formar parte do espazo fiscal de Zamora, á que supostamente lle tería outorgado, en data incerta, poder para representala (Artaza 2020).

A cidade da Coruña xa solicitara unha casa da especiería ou de contratación, petición que se renova en Melide, sen dúbida por iniciativa de don Fernando de Andrade, valedor da cidade e interesado na expansión do comercio, así como coñecedor das expedicións que chegaran ás illas Molucas, como estuda Ofelia Rey neste mesmo libro:

acordaron de suplicar e suplican [...] que les hagan merçed de la descarga de la contratación de la espeçiería e de las otras cosas de las Indias nuevamente falladas, sea en la çibdad de la Coruña, y que allí se haga casa de contratación segund e de la manera que está en la çibdad de Sevilla de las otras Indias antiguamente falladas, por quanto es mucho serviçio de sus Altezas, bien e pro común deste reino, por muchos respetos e motivos que dará por relación la persona que en su nombre a ello envían.

Os asistentes á reunión non se esqueceron tampouco de pedir o perdón das multas impostas pola celebración masiva de bautizos e vodas, algo prohibido por varias pragmáticas reais para evitar festexos que fortalecían os vencellos e alianzas entre as liñaxes e estirpes da nobreza, motivo polo que os monarcas querían evitalos, coa desculpa de que ocasionaban moitos gastos. Deste asunto xa trataran os procuradores da xunta realizada en 1515, sinalando que non estaba ben castigar aos asistentes, pois a responsabilidade era só dos convocantes: «porque los que hacen las bodas, con color de convidar cuarenta hombres, convidan doscientos, e los convidados, pensando que son de los dichos cuarenta, van a las dichas bodas y hállanse culpados en cosa que su intención no fue de errar».

En resumo, os acordos da Xunta de Melide poñen de manifesto que os señores e cabaleiros que os tomaron querían, ante todo, evitar que na situación creada pola guerra das Comunidades aparecesen en Galicia levantamentos de vasalos, ao xeito dunha nova revolta irmandiña. Diante desa posibilidade, debían dar axuda mutua para someter aos que se rebelasen. O que lles interesaba era que a autoridade real se restaurase, para garantir a orde social ameazada. Pero os participantes na reunión sabían tamén que a conxuntura parecía favorable para pedir mercés que favorecerían desde o punto de vista institucional e económico ao reino de Galicia, como a recuperación do voto en Cortes e a creación dunha

Casa de Contratación na Coruña, cando a expansión e o comercio ultramarino convertían en fundamental un establecemento desa natureza. Don Fernando de Andrade, e pode que tamén o arcebispo Fonseca, tiña o propósito de reforzar politicamente o reino galego, xa que era sabedor das súas necesidades despois de ocuparse da defensa das costas e de manifestar o seu descontento por medidas que entendía que ocasionaran agravios, como a reforma monástica, que dera lugar á supresión de moitos pequenos mosteiros. De modo que a Asemblea de Melide é ao mesmo tempo medieval e moderna; medieval por tratarse dunha reunión de feudais que queren estar providos por se os vasallos se levantan e moderna porque tomou algúns acordos acomodados aos novos tempos.

◆ 3. Coda: a perda de protagonismo dos feudais fronte a Real Audiencia e as Xuntas do Reino

Carlos V contestou o 21 de marzo de 1521 aos capítulos enviados polos participantes na Xunta de Melide, polo tanto asina a resposta antes de que tivese lugar a batalla de Villalar e con posterioridade á derrota das Comunidades. Por iso se amosou cortés, aínda que non se comprometeu case a nada. Sabía ben, por informacións das autoridades reais, cales eran os intereses que mobilizaran aos señores galegos: «estos capítulos no fueron por el reino, sino por personas particulares», escribiu o gobernador de Galicia, conde de Fuensalida. O emperador agradecía as mostras de fidelidade e o esforzo para impedir balbordos: «e para ello juntaros todos a favorecer nuestra justicia, y no obedecer ni cumplir, antes estorbar y desfavorecer todo lo que en contra desto por algunos deservidores nuestros se intentare, me ha parecido a mi muy bien y fecho como de vosotros debía grande y antigua fidelidad. Yo siempre lo confié». Admitía perdoar as penas ás persoas que celebraran vodas e bautizos con moita xente, en contra do disposto en pragmáticas reais. Pero as peticións dunha Casa de Contratación e sobre todo do voto en Cortes, o monarca adiábaas, coa escusa de que eran asuntos moi importantes e que precisaban tempo; cousa certa, porque a concesión da Especiería podía molestar a Sevilla e o voto encontraba a oposición das 18 cidades que xa o tiñan e que non querían admitir a máis nese reducido club:

cuanto a lo que suplicáis que ese reino tenga voz y voto en cortes, e que no haya de estar por lo que fuere otorgado por la çibdad de Çamora, porque esto es de la calidad e importancia que vereis, e proveyéndose de acá no se cumpliría con lo que en ello se debe mirar, pues ahora no se han de hacer cortes y mi ida,

placiendo a Nuestro Señor, a esos reinos será muy breve, yo vos ruego que en esto por ahora vos sufráis para que no se haga mudança, que yendo yo allá [...] veré y proveheré lo que toca lo que toca al bien de ese reino, como es de razón y él lo mereçe. (García Oro 1994: 330-332)

Conforme a situación ía cambiando, despois da derrota das Comunidades en Villalar o 23 de abril de 1521, a nobreza, sexa a galega ou sexa a castelá, perdeu capacidade de influencia política, pois o monarca tiña coñecemento preciso, pola información que lle chegaba desde Castela, que os señores actuaran en xeral movidos polos intereses de «clase», é dicir, que resolveran loitar contra as cidades rebeldes cando viron que xurdían movementos sociais que ameazaban as súas rendas. Até entón mantiveran unha cautelosa parsimonia pois, como escribiu con gran clarividencia Manuel Azaña en *Plumas y palabras*, aos grandes e cabaleiros «les importaba que el César venciese, que no venciese demasiado ni que no venciese enseguida», ou sexa, que soubese que se sometía as Comunidades era gracias a eles, que agardaban cobrarlle o favor. Pero os resultados foron bastante diferentes, pois unha vez que Carlos V volta a España, a mediados de xullo de 1522, tratou de reforzar o poder dos grandes tribunais, como é o caso das chancelarías e da recente Real Audiencia de Galicia, que sentenciaban moitos preitos que afectaban á nobreza; asumiu algunhas reivindicacións das Comunidades, sobre todo no eido fiscal, e amosou certa prevención contra a presenza dos grandes nos órganos que decidían a política interior da monarquía. Da nova conxuntura axiña teñen noticia as cidades galegas, e así, a de Betanzos, que antes da Asemblea de Melide buscara, xunto coa Coruña, o amparo de don Fernando de Andrade, en maio de 1521 protestou porque este e o arcebispo Fonseca foran designados polo Consello de Rexencia que actuaba no nome de Carlos V capitáns xenerais do reino, parece que a petición dos señores e cabaleiros que estiveran en Melide (aínda que nos capítulos da Xunta non figura expresamente esa demanda). A estas alturas, as autoridades reais, gobernador e Audiencia, recuperaran aos ollos de Betanzos a confianza que o conde de Vilalba e o arcebispo perderan. Non era bo que señores de vasallos do reino ocupasen un cargo tan importante, din os rexedores betanceiros: «E si los dichos Reverendísimo Arçobispo y conde don Fernando fuesen capitanes generales, darse ía ocasión de que los que no fuesen sus vasallos desobedesciesen, especialmente teniendo como tienen competencias sobre jurisdicciones e otras cosas cosas con algunas çibdades e caballeros comarcanos» (García Oro, 1994: 333-334). Carlos V, moi prudentemente, deixou sen efecto o nomeamento que con pouco tino fixeran os rexentes de Castela.

O resultado da guerra da Comunidades non beneficiou, polo tanto, aos señores e cabaleiros que se xuntaran en Melide. Os principais promotores deberon saír de Galicia, destinados a empregos lustrosos que disimulaban un desterro: don Fernando de Andrade ha de encamiñarse a Italia, na flota que levaba a Adriano de Utrecht, papa por obra de Carlos V, e don Alonso de Fonseca III ocupará a sé primada de Toledo. A fermosa e belicosa dona Beatriz de Castro, condesa de Lemos, foi tamén obrigada a marchar do reino na década de 1530, coa excusa de que non facía máis que preitear con outros nobres, coas comunidades veciñais e cos fillos que tivera do primeiro matrimonio. Morrería en Valladolid, ben idosa, en 1570. En todo caso, desde a década de 1520 vaise acentuando a emigración da alta nobreza á corte, aínda que no século XVI manteña vencellos cos seus soares, como amosan algunhas construcións e fundacións: o pazo de Altamira en Santiago, no soar que hoxe ocupa o mercado de abastos, comezado na década de 1530; o colexio da Compañía de Monterrei e a galería renacentista do castelo-pazo, as fundacións da casa de Lemos en Monforte... Iso non quere dicir que perdesen influencia ou patrimonio, pois burocratizaron o goberno e a administración dos seus estados, establecendo na cidade ou vila cabeza ou capital (Monforte, Pontedeume, Santiago —a casa de Altamira—, Ribadavia, Monterrei) un pequeno grupo de técnicos (contadores, tesoureiros, escribáns) dirixidos por un alcalde maior ou administrador xeral, ao que estaban subordinados os xuíces ordinarios, escribáns de número e mordomos repartidos a nivel local polas diversas xurisdicións e partidos. Os curas de presentación das diversas casas non formaban oficialmente parte deste organigrama, pero tiñan un papel fundamental como mediadores entre os señores, aos que debían o emprego, e os labregos da parroquia (Baz Vicente 1996; Saavedra 1998).

Penso que hai polo menos tres feitos que poñen de manifesto o fortalecemento do poder real en prexuízo do señorial desde a Xunta de Melide e o remate da guerra das Comunidades. Un deles é a promulgación das ordenanzas da Real Audiencia do Reino de Galicia en 1529, unha medida que consolida de maneira definitiva o alto tribunal, unha corporación de letrados que fora xermolando a carón do gobernador desde 1480 (Fernández Vega 1982; Eiras Roel 1984). «Pequeña en aparencia, pero grande en poder —dixo con tino Murguía—, la Audiencia fue, sobre todo durante los primeros cien años, un verdadero gobierno que regía por entero los destinos del país gallego». Era ao mesmo tempo unha institución «judicial, política y de policía», sendo o primeiro aspecto o predominante: «y pesaba tanto sobre una región que, como ninguna otra en España, puede denominarse *país de obediencia*, pues nunca hizo otra cosa que

obedecer y soportar, y *país de litigio*, porque era la única resistencia que le estaba permitida, y porque todo, en Galicia, se hallaba a merced de los tribunales y sus agentes» (Murguía 1982: 310-314). O nome indícanos que se trata dun tribunal, que no Antigo Réxime xa era moito, polo lugar central que ocupaba a xustiza nas competencias da monarquía (o rei é, por riba de todo, xuíz), pero as súas competencias non se limitaban ás de tipo xudicial e abarcaban moitos asuntos relacionados co que era a administración dos concellos propiamente dita.

No terreo xudicial as facultades da Audiencia eran moi amplas, pois non só coñecía as apelacións procedentes de calquera xulgado do reino; entendía directamente en numerosos asuntos, nos que os xuíces locais non podían meterse, en particular nos chamados «casos de corte», uns 31 a mediados do XVIII, nos que entraban os preitos de viúvas, pobres, celibatás e menores; os de concellos, vilas e cidades; os de morgados, os que xurdían entre señores e vasalos ou entre os señores do directo dominio e os foreiros; os que afectaban a xuíces ordinarios, escribáns de número e rexedores; os que tocaban herdanza universal e partilla, e aqueles en que unha parte non confiaba na imparcialidade dos xuíces locais nomeados polos señores, cousa que abría a porta á avocación de numerosos litixios antes de rematar os trámites da primeira instancia. En definitiva, os preitos que tiñan que ver cos montes comunais, cos foros, coas cargas señoriais, co goberno dos concellos, entre outros, ían directamente ó real tribunal apou-sentado na Coruña na década de 1560, de modo que un arquivero do século XIX puido afirmar, á vista da cantidade de expedientes que gardaba o seu arquivo, que «sin exageración puede asegurarse que no hubo en Galicia más tribunal de primera instancia que la Audiencia» (Quiroga Barro 2002: 448).

Non é casualidade que xustamente desde a década de 1520 o real tribunal teña que ditar sentenzas en moitos preitos entre señores e vasalos, queixosos das cargas que pagaban e dos atrancos para aproveitar os montes: hai unha verdadeira loita entre as comunidades rurais e os mosteiros e casas da aristocracia polo control do territorio, é dicir, por determinar quen ten a capacidade de decidir sobre o seu uso, e esta disputa acaba sendo gañada polos concellos de veciños e polas familias, co apoio parcial da Audiencia, coñecida nas aldeas co alcume de «fonte limpa»: «por menos de cien reales irá uno de estos a la fuente limpia (así llaman al tribunal de la Coruña), sin más prevención que un pan metido en un costal y veinte y cuatro reales, diez y seis para un despacho y ocho para gastar», escribía en 1777 don Pedro González de Ulloa, abade en varias parroquias dos estados do condado de Monterrei por presentación da duquesa de Alba, casa á que incorporara a galega. E, moitos anos antes, ao

cóengo-cardeal da igrexa de Santiago Jerónimo del Hoyo parecíalle que a Real Audiencia tiña demasiado poder: «tratan [os oidores] de las cosas deste Reino con demasiada soberanía e imperio, y así se hacen temer y adorar no sólo de la gente plebeya, sino de la nobleza, que con ser tan grande la de este Reino la estiman en poco», afirmaba contra 1600.

Outro feito en que tamén hai que reparar é a realización da veciñanza ou «censo» de 1528-1534. Por primeira vez a Administración real é capaz de facer unha pescuda completa dos veciños peiteiros para axustar o repartimento do servizo ordinario, entón unha carga moi pesada en Galicia. A fins do século XV, para levar a termo os padróns da Irmandade, a miúdo os encargados de facelos debían contar co apoio ou permiso dos señores, que recadaban para eles unha parte, segundo sabemos polo que acontecía no condado de Lemos. Desde 1528 os territorios de señorío son tratados igual que os de reguengo e os oficiais reais entran en todos e fan pescudas polo miúdo sobre o número de veciños, as cantidades que veñen pagando de servizo e as que deberán pagar en diante, e tamén fan relación dos que din que teñen o privilexio de non contribuír, por ser supostamente fidalgos ou por outra razón. Así, na provincia de Santiago figuran dous coutos e unha aldea con oito veciños en total, «que no pagan servizo a su magestad. Ponémoslos aquí, e los vezinos pecheros que cada uno dellos tiene e la razón que dan por qué no pagan servizo» para que se comprobe se é válida ou non, e na de Lugo os oficiais localizan un só peiteiro na aldea de Viero (Vieiro?), que di que goza do privilexio de non pagar, igual que doce da Fonsagrada: «en Nuestra Señora de Fuensagrada dicen que viven junta a la dicha iglesia de Nuestra Señora dieciséis o dieciseite vecinos, e que los cinco dellos serán hidalgos. No pagan servizo ni alcabala porque dicen que la dicha iglesia tiene privilegio» para libralos (Carretero Zamora 2008, vol. III: 1146-1147).

E, finalmente, hai que sinalar que desde a década de 1520 os interlocutores da monarquía non serán asembleas de feudais como a de Melide, senón as novas Xuntas do Reino, unha institución que nace e se consolida a partir de entón, formada por un representante de cada cidade cabeza de provincia, primeiro cinco e desde mediados do XVI sete (Eiras Roel 1995; Artaza Montero 1998). En 1528 os procuradores acordaron reunirse, por iniciativa propia, todos os anos, cousa que non se levou a cabo, e até 1599 as xuntas documentadas son poucas, aínda que si as suficientes para saber que en boa medida constitúen unha asemblea da que se vale o poder real para facer chegar a todo o reino as súas peticións, servíndose da intermediación das cidades cabezas

de provincia, fundamental nun territorio ruralizado e dividido en centos de xurisdicións, coutos e partidos, como recoñecía o gobernador en 1552 nunha carta ao entón rexente príncipe Filipe:

En este [reino] es muy diferente la orden y repartimiento que [...] suele haber de lo que en otros pueblos de Castilla se hace. Porque en este reino hay muy pocos pueblos que sean de la corona real, que los más son de prelados y hombres de estado, y caballeros y órdenes, y todo está repartido en siete provincias [...], delas cuales solas Coruña y Betanzos son de la corona real de Vuestra Alteza, y en semejantes repartimientos se juntan estas siete provincias y otorgan y reparten entre sí, y todos los que caen y están debajo de cada provincia pagan y contribuyen, quier sean de vuestra corona real quier de los prelados, caballeros y órdenes, porque de otra manera no se podría dar orden en ello [...], por ser tan diversas las tierras y jurisdicciones. (Fernández Vega 1982, vol. III: 350-351)

En todo caso, van ser estas asembleas compostas por rexedores das cidades as que loiten polo voto en Cortes, que finalmente conseguirán, pero para iso tivo que pasar un século desde a Xunta de Melide de decembro de 1520.

◆ Referencias bibliográficas

APONTE, Vasco de (1986): *Recuento de las casas antiguas del reino de Galicia*. [Introducción e edición crítica con notas polo equipo de investigación «Galicia hasta el 1500»]. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

ARTAZA MONTERO, Manuel M^a de (1998): *Rey, Reino y representación: la Junta General del Reino de Galicia (1599-1834)*, Madrid, CSIC.

ARTAZA MONTERO, Manuel M^a de (2020): «Galicia en la Edad Moderna. Un reino sin cabeza», *Estudis*, 46, 119-144.

BARRIOCANAL LÓPEZ, Yolanda (2007): *Xornadas Galegas de Xoana I de Castela e Filipe o Fermoso. Segunda viaxe a España. Quinto centenario 1506-2006*, A Coruña, Fundación Caixagalicia.

- BAZ VICENTE, M^a Jesús (1996): *Señorío y propiedad foral de la alta nobleza en Galicia (siglos XVI-XX): la casa de Alba*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- CARRETERO ZAMORA, Juan Manuel (2008): *La averiguación de la Corona de Castilla (1525-1540). Los buenos vecinos pecheros y el dinero del Reino en época del emperador Carlos V*, Valladolid, Junta de Castilla y León, 3 volumes.
- CERRO BEX, Victoriano del (1973): «Itinerario seguido por Felipe I el Hermoso en sus dos viajes a España», *Chronica Nova*, 8, 61-80.
- EIRAS ROEL, Antonio (1984): «Sobre los orígenes de la Audiencia de Galicia y sobre su función de gobierno en la época de la monarquía absoluta», *Anuario de Historia del Derecho Español*, 54, 323-384.
- EIRAS ROEL, Antonio (1995): «Las Juntas de Reino de Galicia: orígenes y proceso de institucionalización», *Obradoiro de Historia Moderna*, 4, 115-182.
- FERNÁNDEZ VEGA, Laura (1982): *La Real Audiencia de Galicia, órgano de gobierno en el Antiguo Régimen (1480-1808)*, A Coruña, Deputación Provincial, 3 volumes.
- GARCÍA ORO, José (1981): *La nobleza gallega en la Baja Edad Media: las casas nobles y sus relaciones estamentales*, Santiago de Compostela, El Eco Franciscano.
- GARCÍA ORO, José (1994): *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba (1477-1540)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- GARCÍA ORO, José / M^a José PORTELA SILVA (2006): «Galicia y el Bierzo en el s. XV: de puentes a fronteras (Las luchas de los condes de Lemos por el dominio de El Bierzo)», *Anuario Brigantino*, 29, 105-132.
- GUTIÉRREZ NIETO, Juan I. (1973): *Las Comunidades como movimiento antiseñorial: la formación del bando realista en la Guerra Civil castellana de 1520-1521*, Barcelona, Planeta.
- MURGUÍA, Manuel (1982): *Galicia*. [Ed. de Justo González Beramendi]. Vigo, Xerais, 2 volumes.

- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo (2000): *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PÉREZ, Joseph (1977): *La revolución de las Comunidades de Castilla*, Madrid, Siglo XXI.
- PORTELA PAZOS, Salustiano (1957): *Galicia en tiempos de los Fonseca*, Madrid, CSIC.
- QUIROGA BARRO, Gabriel (2002): «Os preitos e expedientes de veciños da Real Audiencia de Galicia. Aproximación ao seu estudo arquivístico», *Universitas: Homenaje a Antonio Eiras Roel*, Santiago de Compostela, Universidade, I, 439-462.
- SAAVEDRA, Pegerto (1986): «Da Idade Media á Idade Moderna: as bases do Antigo Réxime galego», en Jesús de Juana / Xavier Castro (eds.), *Sociedade e movemento obreiro en Galicia (III Xornadas de Historia de Galicia)*, Ourense, Deputación Provincial, 15-52.
- SAAVEDRA, Pegerto (1998): «La administración señorial en la Galicia moderna», *Hispania*, 58:198, 185-212.
- SAAVEDRA, Pegerto (2007): *A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). Política e cultura*, volume 1: *Os diversos poderes e o seu equilibrio cambiante*, A Coruña, Arrecife Edicións Galegas. (A gran historia de Galicia, 15).
- SZASZDI LEÓN-BORJA, István (2000): «El viaje a Galicia de Felipe el Hermoso y el Hospital Real de Santiago de Compostela», *Iacobus*, 9-10, 309-343.

Castelo
de Monterrei



